

CIG-SAÚDE esixe a inmediata negociación na **Mesa Sectorial do SERGAS** dun **Plano de Ordenación de Recursos Humanos (PORH) de Atención Primaria**, que conteña os aspectos que teñen que ver directamente coa indispoñibilidade de persoal, coas xubilacións que se van producir nos próximos 5 anos, coa reordenación ou reasignación de persoal e coa incorporación de novos profesionais en función das necesidades asistenciais.

Se non hai un **diagnóstico das necesidades** mal pode haber propostas de solución. A Consellaría de Sanidade debe abordar este tema con rigor e transparencia, xa que até o momento o único que persegue é lexitimar as súas políticas con medidas erradas.

CIG-Saúde esixe un Plano de Ordenación de Recursos Humanos que recolla:

Prazas vacantes por xubilación no período 2010/19. Disgregadas por EOXI, Centro de Saúde e PACs

Como foi a cobertura destas prazas:

- Con persoal fixo de OPE ou traslado.
- Con persoal interino.
- Con persoal eventual en praza estrutural.

Prazas vacantes que se van a producir por xubilación no período 2020/25

Persoal que estea en prolongación da vida laboral e que accederá á xubilación forzosa ao cumprir 70 anos. Datos do nº de persoas que neste período cumprirán 65 anos.

Composición dos cupos por grupos de idade

Nº de TIS dos cupos agrupados por idade.

Estudo de novas necesidades de persoal

Nº de prazas MIR e EIR a convocar nos vindeiros anos.

Resto de información que sexa de interese: previsión de ITs, ausencias do persoal ...

Paralelamente á elaboración deste plano o goberno galego ten a obriga de **rematar coa taxa de reposición**. Unha taxa que leva aplicando dese o ano 2010, impedindo a cobertura das prazas vacantes producidas nestes anos.

- O goberno é o responsable da taxa de reposición, mais hai outros actores que serviron de colaboradores neste obxectivo:
 - Os colexios médicos, até hoxe cómplices co seu silencio.
 - Os sindicatos asinantes dos acordos que lexitiman a taxa de reposición até o 2020.
 - Os partidos políticos que nunca presentaron ningunha iniciativa, e seguen sen presentala, para eliminar a taxa de reposición.

Mentres exista taxa de reposición seguirá a precariedade laboral:

- Non se convocarán o 100% das prazas vacantes a OPE e traslados.
- Non se poderán cubrir as prazas vacantes con interinidades.
- O persoal seguirá con encadeamentos sucesivos de contratos para cubrir postos estables.
- Non se poderán crear novas prazas estables para dar resposta ás novas necesidades asistenciais.

A **Sanidade Pública** necesita unha **Atención Primaria** que dea resposta ás necesidades de saúde, e as/os profesionais necesitan traballar en condicións dignas e de estabilidade para ofertar unha asistencia sanitaria de calidade, **dedicando o seu tempo a por os seus coñecementos ao servizo da poboación**, e non a resolver as trabas que a Administración lles impón.

Unha Atención Primaria de Calidade cunhas condicións laborais dignas é posible!